

En primeira persoa

Eva Muñío

Psicóloga especialista en tráfico e seguridade vial

MIÉRCOLES, 9 DE DICIEMBRE DEL 2015

Delegado: Ignacio Carballo González / Jefe comercial: Ramón Núñez

# «Ao ‘se bebes, non conduzas’ hai que sumar ‘se escribes, non conduzas’»

Ve preocupantes as distraccións ao volante e os erros de persoas maiores ao conducir

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

As distraccións ao volante, e a mellora das estratexias de conducir das persoas maiores para evitar o crecente número de accidentes en que se ven envolvidas, son asuntos centrais das terceiras xornadas galegas de psicoloxía do tráfico e da seguridade, que se celebran o sábado. Eva Muñío, coordinadora do grupo especializado do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para esta temática, defende «a maior intervención de profesionais dos centros psicotécnicos para incidir sobre o factor humano, que é decisiva para reducir a sinistrabilidade nas estradas».

—¿Por que o «factor humano»?

—España pasou de 13 mortes ao día por accidentes de tráfico hai 25 anos a 4 nos últimos anos; e aumentan os días sen accidentes. Iso é un avance. Porén, en máis do 80 % da causalidade dos accidentes inflúe o factor humano,

e mellor porque non é unha utopía o conseguir accidentes cero.

—¿Como se pode avanzar?

—Ao «se bebes, non conduzas» hai que sumar «se escribes non conduzas» agora. Porque usar WhatsApp, redes sociais e outras tecnoloxías incrementa as distraccións ao volante, que se duplicaron: hai 25 anos eran determinantes nun 20 % dos accidentes, e agora xa no 40%.

—¿De que maneira inflúen?

—Saturando a capacidade de atención do cerebro. Se non hai persoas con actitudes intelixentes detrás, a tecnoloxía pode ser mal usada, e un grave problema.

—Tamén están os accidentes provocados por persoas maiores.

—É certo, son outro factor que preocupa, onde conflúen o fac-



Eva Muñío defende que se fagan más revisións a partir dos 70 anos, polo deterioro cognitivo. SANDRA ALONSO

tor humano e a idade. Cada vez chegan aos centros psicotécnicos máis persoas de idades avanzadas para revisións extraordinarias, porque as envían a Guardia Civil e Tráfico, cando ven que fan cousas raras, como manobras estrafás ou desorientación cando conducen. Iso vai en consonancia co cambio normativo da lei.

—¿Como é a mudanza normativa?

—Antes había revisións obligatorias cada dous anos para maiores de 70 anos; agora, por causa da normativa da UE, o límite non é a idade, é a saúde, e son cada 5 anos. E este é un período en que o deterioro cognitivo dunha persoa maior se pode acelerar moito.

—¿Como actúan coas persoas maiores, que interesa máis?

—No ámbito da conducción, consideramos unha persoa maior aos 75 anos, non aos 65. Moitas persoas aceptan mellor revisar o coche cada ano cando ten máis de 10 anos, que as restricións ao conducir polo deterioro que causan os anos. Mesmo aos 85 anos non son obligatorias as revisións anuais, cando entendemos que o debían ser, pois nesa idade inflúe moito máis o factor humano que a mecánica do vehículo.

**Eva Muñío.** Psicóloga, exerce en centros psicotécnicos desde 1992.

**Colexio Oficial de Psicoloxía.** Coordina o Grupo de Tráfico e da Seguridade desde o ano 2005.

**Profesión.** Organiza unhas xornadas sobre intervención da psicoloxía no tráfico.

—¿Teñen moitas restricións as persoas maiores?

—Aos 65 anos un 65 % teñen restricións; e aos 85 anos chegan ao 95 % as persoas ás que se lle poñen restricións polos erros que detectan as probas psicotécnicas.

—¿Como son eses erros?

—Non observar ben, o que explica que entren en sentido contrario nas autoestradas; somnolencia; e erros de execución e que afectan á toma de decisións.

—¿Que restricións se imponen?

—Reducir a velocidade, conducir só de día, limitar as distancias, e prohibir que circulen por autoestradas son as máis frecuentes. O radio mínimo ao que podemos restrinxir o uso do coche é 20 quilómetros, cando debería ser 10, ou 5. E hai persoas que asumen xa esas restricións mesmo antes de que se lles imponan.

## Gañar saude

O

21 de abril do 2015, a Plataforma SOS Sanidade Pública de Compostela solicitou ao Sergas a creación do Consello de Saúde de Área (CSA) de Santiago. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, do ano 2008, os CSA son os órganos colexiados, de naturaleza consultiva, a través dos que se articula a participación comunitaria nas áreas sanitarias. Di que estarán integrados por entidades locais e vecinalias con actuación no ámbito sanitario, organizacións empresariais e sindicais, directivos e representantes da Consellería de Sanidade, e asociacións de pacientes. Sanidade debe nomear quem integra os CSA, por un período de 4 anos máximo. Consideramos que a Plataforma SOS Sanidade Pública de Compostela debe ter representación.

As funcións dos CSA son: propor medidas de carácter sanitario que eleven o nivel de saúde da poboación, informar sobre o Plan de Saúde e coñecer a memoria anual da área sanitaria; coñecer e ser informados dos contratos de servicios sanitarios, dos concertos e dos programas de subvencións; e propor medidas para mellorar a xestión da área.

O Decreto 168/2010, de 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, recolle as funcións e as competencias da Xerencia de Xestión Integrada; e indica entre elas: «Potenciar a participación social e dos cidadáns, mellorando os canles de información, propoñendo accións de formación aos cidadáns para a toma de decisións e potenciando a xestión eficaz e o funcionamento da Comisión de Participación Ciudadán».

Veremos se a Administración galega é receptiva a esta demanda, para defender a sanidade pública e gañar saúde.

Galicia

# OS GRANDES DO GOSPEL

AS MELORES VOCES DO MUNDO

20 Decembro	THE VOICES OF JUBILATION	22 Decembro	CHICAGO MASS CHOIR
ORENSE	Singing Gospel Christmas for RAY CHARLES	NARÓN	A Spiritual Tribute to B.B. KING
Teatro Principal		Pazo da Cultura	
21 Decembro	THE VOICES OF JUBILATION	23 Decembro	CHICAGO MASS CHOIR
VIGO	Singing Gospel Christmas for RAY CHARLES	A CORUÑA	A Spiritual Tribute to B.B. KING
Auditorio		Teatro Colón	
21 Decembro	CHICAGO MASS CHOIR	The Project	
SANTIAGO	A Spiritual Tribute to B.B. KING	CONCELLO DE VIGO	
Auditorio Abanca		PAZO DA CULTURA	